

# DOSSIER

É o momento pararnos a pensar en todos os contidos adquiridos ao longo deste proxecto. Para iso, imos realizar unha serie de actividades neste dossier que che axudarán a reforzar os conceptos aprendidos en relación aos cinco sentidos, o aparello locomotor e o sistema nervioso.


Le con atención ás seguintes cuestións e tenta contestar a todas elas. Non te preocupes se non te acordas dalgunha, podes pasar á seguinte e revisala máis tarde.

1. Completa a seguinte táboa sobre os cinco sentidos que posúe o ser humano.


SENTIDO	ÓRGANO	FUNCIÓN
Olfacto	<b>Nariz</b>	<b>Capta os diferentes olores.</b>
<b>Vista</b>	Ollo	<b>Percibe as imaxes.</b>
<b>Tacto</b>	<b>Pel</b>	Captar sensacións a través da pel como a presión, a temperatura e a dor.
<b>Oído</b>	Oído	<b>Percibe os sons.</b>
Gusto	<b>Lingua</b>	<b>Capta os distintos sabores.</b>

2. Responde verdadeiro (V) ou falso (F) nas seguintes afirmacións.
  - a) A retina encárgase de captar sons, grazas aos millóns de células receptoras. **F**
  - b) O nervio óptico envíalle a información ao cerebro para que recoñeza os olores. **F**
  - c) A lingua está cuberta de papilas gustativas que se encargan de recoñecer as substancias que entran na boca. **V**
  - d) A derme é a capa externa da pel que a protexe dos axentes externos coma virus, bacterias e fungos. **F**


### 3. Completa as partes do olho (parte externa e interna).



### 4. Realiza un debuxo no que representes as diferentes partes da lingua e os distintos sabores que podemos percibir.



### 5. Completa as partes do sentido do olfacto.



6. Explica o funcionamento do sentido do tacto e cita as súas partes.


**O órgano do tacto é a pel. Trátase dun órgano que recorre todo o noso corpo e que está cheo de células receptoras capaces de percibir estímulos como a temperatura (frío ou calor), a presión ou a dor. Estas células envíanlle os seus sinais ao cerebro.**

7. Explica, coas túas palabras, o funcionamento do oído.

**O órgano encargado da audición é o oído. Este encárgase de percibir os sons e enviar a información ao cerebro para que este reaccione de forma axeitada.**

**O son entra polo pavillón auditivo, pasa polo conducto auditivo externo ata chegar ao tímpano. Este vibra ao captar o son e move a cadea de ósos quenes transmiten a vibración ao caracol. O caracol transforma esas vibracións recibidas e impulsos nerviosos que se transmiten ao cerebro mediante o nervio auditivo.**

8. Completa os ósos do esqueleto humano.



9. Responde:

a) Que son as articulacións?


**As articulacións son os puntos de unión entre dous ou máis ósos.**

b) Que tipos de articulacións hai? Pon un exemplo de cada unha.

**Poden ser:**

- **Inmóbiles: impiden o movemento, como os ósos do cranio.**
- **Semimóbiles: permiten pequenos movementos como as vértebras.**
- **Móbiles: permiten o movemento grazas a que posúen líquido sinovial que facilita o movemento e reduce o desgaste dos ósos, como nos xeonllos e os cóbados.**

10. Completa as seguintes imaxes cos nomes de cada un dos músculos do corpo humano.



11. Completa o seguinte texto.

- a) Os **órganos** están formados por distintos tecidos que actúan de forma coordinada. **3**
- b) Os **tecidos** son o conxunto de células similares que se unen para realizar unha función. **2**
- c) Os **aparells e sistemas** son o conxunto de órganos e outras estruturas que realizan unha función determinada. **4**

- d) A **célula** é a unidade máis pequena con vida. Adquiren formas moi distintas para poder realizar diferentes funcións. **1**

Agora enumera as oracións anteriores según os niveis de organización celular.

12. Relaciona cada termo coa súa definición.

- |                   |  |
|-------------------|--|
| a) Cerebro        | <b>a)</b> coordina o equilibrio e os movementos.     |
| b) Medula espiñal | <b>b)</b> atópase no interior da columna vertebral.  |
| c) Bulbo raquídeo | <b>d)</b> procesa a información e elabora respostas. |
| d) Cerebelo       | <b>c)</b> controla os movementos involuntarios.      |

13. Responde as seguintes preguntas:


- a) Que son as neuronas?

**As neuronas son as células do sistema nervioso. Encárganse de transmitir a información mediante sinais nerviosos dende o cerebro ata as diferentes partes do corpo, e viceversa.**

- b) Como funciona unha neurona?

**O sinal nervioso entra polas dendritas dunha neurona e sae polo axón. Dende aí contacta coas dendritas da seguinte neurona e así vaise transmitindo o impulso nervioso por todo o corpo a través dos nervios.**

- c) Debuxa e indica as partes dunha neurona.



“Dossier solucionario”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)